

# FICHA DE INSCRICIÓN

ID Centro

## 1. O centro insíbese

Se che interesa participar en **Marcapáxinas pola Solidariedade**, cubre a inscrición antes do 19 de febreiro de 2018 e envíanola por algún destes medios.



Inscríbete na páxina web  
[savethechildren.es/centros-educativos/](http://savethechildren.es/centros-educativos/)

Envía a ficha por email a  
[diadellibro@savethechildren.org](mailto:diadellibro@savethechildren.org)



Chama ao teléfono  
**91 513 05 00**



Envíala por fax a  
**91 552 32 72**

## 2. Recibiredes de balde o material no centro de ensinanza

### Datos do centro

Nome

Enderezo  CP

Vila  Provincia  Teléfono

Correo electrónico

Nº de alumnos participantes (aprox)  Profesores participantes

- Modelo de marcapáxinas  (Por favor, sede o máis exactos que poidades nas cantidades que precisades. Deste xeito poderemos xestionar mellor os materiais. Se non precisas algún dos materiais sinaládeo cun cero na casa que corresponda).
- Diplomas
- Carné do lector

## 3. Precisamos os vosos datos para enviarvos información

### Coordinador da actividade

Nome e apelidos

Correo electrónico

Cargo ou materia  Teléfono

### Profesor participante

Nome e apelidos

Correo electrónico

Cargo ou materia  Teléfono

En virtude da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Informámoste que os seus datos persoais quedarán recollidos nun ficheiro titularidade da Fundación Save the Children, con sede en C/Doctor Esquerdo, 138, 2º andar, 28007 Madrid, co fin de realizar a sesión administrativa así como para manterlle informado sobre as actividades solidarias. En cumprimento do artigo 11.1 da LOPD informámoste expresamente que os seus datos persoais poderán serlles comunicados ás administracións públicas con competencia na materia e a terceiros con fins de investigación e mellora. Vostede pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición referindo por escrito ao enderezo indicado anteriormente.



## DEZ ANOS SOBRESAÍDO EN SOLIDARIEDADE

Os libros e a lectura enriquecen a vida dos cativos e cativas. En Save the Children levamos 10 anos nos que máis de 3.000 centros de ensinanza fixeron do seu Día do Libro nun día solidario, máis de 500.000 alumnas e alumnos crearon marcapáxinas que axudan a salvar vidas e 30.000 mestres recibiron material para traballaren os dereitos da infancia co seu alumnado.

**Este curso queremos contar co teu centro no noso aniversario.**

*«No CEIP Profesora María Doña (Los Palacios y Villafranca, Sevilla) non quixemos perdernos esta oportunidade tan fermosa e unímonos á IX edición de “Marcapáxinas pola Solidariedade”, organizada por Save the Children. No noso cole tentamos promover actitudes solidarias entre o noso alumnado para poderemos asentar a solidariedade coma un valor primordial e incorporalas no día a día das nosas aulas. O noso alumnado gozou arreo con esta actividade e mostrouse moi voluntarioso para que os seus marcapáxinas acadasen o maior número de doazóns posibles e... abofé que o conseguiron! Naturalmente, agradécémoste ás familias a súa colaboración, sempre amosan a súa cara máis solidaria perante este tipo de iniciativas».*

# MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE



X Edición  
Día do libro  
Solidario

cos dereitos dos  
cativos e cativas

**Emerxencia en Sudán do Sur**

Os cativos e cativas precisan axuda

**Inscribe o teu centro!**



# MARCAPÁXINAS QUE SE VAN CONVERTER NUNHA OPORTUNIDADE PARA OS CATIVOS E CATIVAS

O Día do Libro é un momento especial nos colexios. É un día no que a lectura se torna na gran protagonista, mais para moitos cativos e cativas en países coma Sudán do Sur, ler e aprender todos os días é un reto e acadalo supón superar episodios de desnutrición, ir ao colexio con regularidade e estar protexidos contra todas as ameazas.



**1,4 mill.**  
de pequenos están en risco de morrer de fame en países coma Sudán do Sur, Somalia, Nixeria e Iemen.

Nacións Unidas declarou a fame nalgunhas rexións de Sudán do Sur e advirte que outros países poden seguir este camiño se non facemos nada para evitalo.

A fame e a pobreza van a peor en África, as secas prolongadas, os conflitos, a falta de colleitas, as subas de prezos... fan que a supervivencia sexa un reto e os cativos e cativas son sempre os máis vulnerábeis. Distintas causas mais sempre a mesma consecuencia: o sufrimento dos máis pequenos.

Estamos a tempo de salvarlles a vida a estes cativos, mais para iso precisamos persoas coma vós, persoas comprometidas coa infancia, non podemos facelo sós.

## PARTICIPAR É MOI SINXELO

### PRECISAMOS O TEU APOIO PARA SEGUIR CO NOSO TRABALLO

A fin de conseguir que os cativos e cativas sobrevivan propoñémosche participar nun **proxecto solidario**, educativo e de traballo en valores que apoiará os programas que desenvolvemos contra a desnutrición infantil en países coma Sudán do Sur, permitindo que milleiros de cativas e cativos poidan medrar sans e estudar para teren a oportunidade dun futuro mellor.

Animámoste a transformar o **Día do Libro en solidario**, por medio dun marcapáxinas que, decorados e vendidos polos alumnos, hanse converter nunha oportunidade de supervivencia para as cativas e cativos máis vulnerábeis.

Con este sinxelo xesto, os alumnos e alumnas do teu centro de ensinanza van ser os primeiros en involucrarse, por medio da súa creatividade, coñecendo outras realidades distintas ás súas e comprometéndose a axudar aos que menos teñen.



**1.** **Propostas didácticas** axudarán na sensibilización anterior á realización do marcapáxinas e permitirán traballar os dereitos dos cativos nos distintos ciclos.



**2.** Cada alumno ou alumna disporá dun **modelo de marcapáxinas**, (5 por modelo) **diplomas e carnés do lector**. O centro ha recibir de balde todos os materiais.

### Un marcapáxinas especial pode axudar a evitar a desnutrición dun cativo, é un xesto sinxelo mais cheo de vida.

A educación é a nosa prioridade, se aseguramos a supervivencia dos cativos e cativas de Sudán do Sur poderemos tamén asegurar a súa educación, a ferramenta máis efectiva para acabar coa pobreza. Mais se non actuamos axiña, moitos cativos e cativas poden sufrir consecuencias que lles afectarán durante toda a vida, no seu crecemento físico e intelectual. **Con pequenas cantidades acádanse grandes cousas.**



Co só **2,5€** un cativo pode recibir leite terapéutico durante unha semana para gañar peso axiña.



**5€** dan para distribuír sales de rehidratación que axudan a recuperar forzas ao menores para que poidan comezar a comer.



Con **15€** un neno pode superar un episodio de desnutrición grave.



**3.** Antes de decoraren os marcapáxinas, os alumnos deben de pensar nos **lectores solidarios aos que llelos van ofrecer**, porque poden realizar marcapáxinas personalizadas.




**4.** Os cativos e cativas levarán os marcapáxinas á casa e entregaranllos aos seus pais e familiares para que os merquen por unha pequena cantidade, 0,50, 1€... Por medio dos debuxos xa están a axudar os cativos e cativas de Sudán do Sur e agora deben de animar os seus pais e familiares a que tamén o fagan.

**5.** Para apoialos, os alumnos van dispor dun **carné do lector solidario** onde se explica o destino dos cartos recadados.




**6.** Os alumnos e alumnas recibirán un **diploma** que agradece o seu esforzo.

**7.** O centro recollerá os cartos recadados e enviarllos a Save the Children, que, pola súa parte, enviaralle un diploma e unha memoria a final de curso.



### A historia de Esre

Esre e o seu fillo John chegaron ao centro de tratamento do cólera en Mingkaman. John sufría desnutrición grave e comezou o seu tratamento de líquidos intravenosos e comidas terapéuticas. O caso de John non é illado, os cativos, en particular os menores de cinco anos, son os que sofren maior risco de morte, xa que teñen menos capacidade para resistir a desnutrición grave e son máis vulnerábeis a padecer outras doenzas coma o xarampón, a malaria ou o cólera.



### O DÍA DO LIBRO SOLIDARIO APOIARÁ O PLAN LECTOR DA TÚA ESCOLA

Pode converterse nunha actividade de estímulo e fomento da lectura, coñecendo outras culturas e outras realidades e descubrindo o poder da educación para transformar a vida dos cativos e cativas.

Convida os teus alumnos a realizar **marcapáxinas solidarios**, este traballo reforza a súa aprendizaxe

- Do **esforzo** coma valor.
- A ser **solidario**.
- O **compromiso** de axudar aos que menos teñen.
- A **valorar o que se posúe**.

Colaboran:

**TOURLINE EXPRESS**

**cit**

**BE INSPIRED**  
Every classroom